

INSTRUCION DA SECRETARIA XERAL 1/2022 SOBRE APRAZAMENTO OU CAMBIO NAS PROBAS POR INCIDENCIA DA COVID-19

A *Normativa de Avaliación* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establece que as datas das probas de avaliación oficiais non poderán modificarse salvo naquelas situacións nas que, por forza maior ou imposibilidade sobrevida, resulten irrealizables nas datas establecidas.

Tendo en conta o actual estado da situación provocada pola COVID, pode darse a circunstancia de que nas datas programadas para a realización dos exames e probas haxa estudantes coa enfermidade diagnosticada que non teñan rematado o período de illamento ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter sido contacto estreito dalgunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Co obxecto de dar resposta a estas situacións, a Secretaría Xeral dita as seguinte instrución:

1. A efectos de realización de exames e probas consideraranse como causa de forza maior tanto os casos acreditados de contaxio pola COVID-19 como os casos de illamento preventivo.
2. Estas situacións darán dereito ao aprazamento das datas oficiais ou cambio na realización de exames e probas.
3. O procedemento de solicitude de aprazamento ou cambio nas probas será o seguinte:
 - a. Con carácter previo á celebración do exame ou proba, o alumnado afectado deberá comunicar a súa situación á Oficina COVID nos termos establecidos no Protocolo para a xestión de casos COVID-19 na USC.
https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/GYN8_MPsKia8ocQu_g3lIBOLi7BQmgcHnWi2Nfy9ogw/1641552091/public/paragraphs/moreinfo/2022-01/Protocolo%20xestio%CC%81n%20casos%20COVID-19_v6_7-1-2022.pdf
 - b. Desde a Oficina COVID, e a través dos Delegados COVID de cada Centro, comunicárase tal circunstancia ao profesorado responsable das probas.
 - c. O profesorado responsable da materia fixará unha avaliación alternativa para o alumnado afectado, que deberá garantir o dereito á avaliación e a igualdade de oportunidades, debendo ser equivalente en contidos e nivel de dificultade ao realizado polo resto do alumnado do mesmo grupo.
 - d. No caso de cambio de data, a nova proba deberá realizarse na data máis próxima posible á oficial, coidando de que non coincida coa data de probas doutras materias do mesmo curso. Para fixar a nova data deberá terse en conta que o alumno ou alumna terá que ter superada a proba de non padecer a enfermidade ou rematado o período de illamento.
4. Ningún estudante que teña síntomas compatibles coa COVID-19 poderá acceder ás aulas para a realización de exames.

5. O alumnado que durante unha proba presencial note síntomas compatibles coa COVID-19 deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do profesorado, debendo procederse conforme ás normas preventivas previstas no protocolo COVID da USC.
6. Nos supostos establecidos nos apartados 4 e 5 o alumnado deberá seguir o procedemento previsto no apartado 3.
7. As peticións de cambios de datas que se poidan producir por outras circunstancias deberán dirixirse ao profesorado da materia, que avaliará se existe ou non causa de forza maior ou imposibilidade sobrevida de entidade que xustifique o cambio de data.
8. No caso de que concorran situacións excepcionais que impidan a realización dun conxunto de exames nas datas previstas como consecuencia de forza maior ou imposibilidade sobrevida, os decanos ou directores dos centros realizarán as consultas oportunas co profesorado e cos estudantes afectados para propor un novo calendario ou a modificación puntual do existente.
9. No peche de actas das materias que resulten afectadas pola incidencia da COVID-19 terase en conta o seguinte:
 - a. Mantéñense as datas de peche de actas establecidas no calendario académico para o curso 2021-2022; no caso do primeiro período estas datas son o 4 de febreiro de 2021 para as actas de materias ordinarias e o 28 de febreiro para as actas de TFG/TFM.
 - b. Os e as estudantes que non poidan ser avaliados nos períodos ordinarios de actas por atoparse nalgunha das situacións indicadas nesta instrución, cualificaranse inicialmente como “Non presentado” e procederase a pechar a acta no período ordinario.
 - c. Unha vez que estes estudantes contén coa correspondente avaliación e teña finalizado o prazo de revisión da cualificación, introducirase esta na acta por medio do procedemento de dilixencias electrónicas, facendo constar como motivo da dilixencia “Adiamento por causa da COVID-19”. As cualificacións provisórias e as datas de revisión serán comunicadas individualmente a cada estudante a través da Aula Virtual ou por medio do correo electrónico.
 - d. Se como consecuencia do tratamento destas incidencias nalgunha materia se vira comprometida a asignación da mención de matrícula de honra a algún dos estudantes afectados, adiarase a incorporación destas mencións na acta ata que se resolvan todas as incidencias que lle afecten a esa materia. Neste caso, a incorporación realizarase a través do procedemento de dilixencias electrónicas.
 - e. Estas dilixencias deberán tramitarse coa maior brevidade posible e, en todo caso, dentro do prazo dos vinte días naturais seguintes á data de peche do período ordinario de actas, agás que concorran circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

10. Esta instrución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da USC e deixará sen efecto a Instrución da Secretaría Xeral 7/2020 sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da COVID-19.

A Secretaria Xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/01/2022 17:25:23.

CSV: A48D-1B7D-4DE1-A2E6